



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA. DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

Pagamento do prezo xusto pola expropiación dos bens e dereitos afectados pola execución do proxecto: "INSTALACION DE RC TC EN LMTA MOF802 EN EL APOYO Nº 122-53-3 (BOVEDA).Expediente: IN407A 2023/102-2

Mediante o presente anuncio comunícase a todos os interesados afectados polo procedemento de expropiación do expediente de referencia, cumprindo co previsto na resolución dictada polo Xurado de Expropiación de Galicia, a data, a hora e o lugar para o pagamento do prezo xusto de acordo co seguinte calendario:

Concello	Titular	Día	Hora	Predio
Boveda	Descoñecido	14/10/2026	9:45	1

Os propietarios dos predios afectados serán notificados individualmente e advírteselles que os pagamentos se realizarán nas condicións que establecen o artigo 48 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954 (BOE núm 351 de 17 de decembro de 1954), e os artigos 48, 49 e 50 do seu Regulamento, de 26 de abril de 1957 (BOE núm. 160 de 20 de xuño de 1957).

Lugo, 20 de maio de 2026.- O director territorial, Gustavo J. Casasola de Cabo.

R. 1329

Anuncio

Pagamento do prezo xusto pola expropiación dos bens e dereitos afectados pola execución do proxecto: "REGLAMENTACIÓN L.A.M.T. CHA811 SAVIÑO 11 ENTRE AP BKHS7FT8 Y AP 161 (O SAVIÑO) Expediente: IN407A 2022/50-ATE

Mediante o presente anuncio comunícase a todos os interesados afectados polo procedemento de expropiación do expediente de referencia, cumprindo co previsto na resolución dictada polo Xurado de Expropiación de Galicia, a data, a hora e o lugar para o pagamento do prezo xusto de acordo co seguinte calendario:

Concello	Titular	Día	Hora	Predio	
O Saviño	Hrdos de Jose Gallardo Quiroga	14/10/2026	11:15	5	
	Isaura Expósito Vázquez		11:30	6,11,12	
	Hrdos Javier Iglesias Vázquez		12,15	7	
	MªEsperanza Losada Méndez		12,45	15	
	Hrdos de Ramón Losada Gomez (Fiscal)		12,50		3
	Hrdos de Mª Carmen López González (Fiscal)				20
	Hrdos de Mª Vázquez Otero (Fiscal)				21
	Descoñecidos				10,24

Os propietarios dos predios afectados serán notificados individualmente e advírteselles que os pagamentos se realizarán nas condicións que establecen o artigo 48 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de

1954 (BOE núm 351 de 17 de decembro de 1954), e os artigos 48, 49 e 50 do seu Regulamento, de 26 de abril de 1957 (BOE núm. 160 de 20 de xuño de 1957).

Lugo, 20 de maio de 2026.- O director territorial, Gustavo J. Casasola de Cabo.

R. 1330

Anuncio

ACORDO do 4 de maio do 2026 do Departamento Territorial de Lugo, polo que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación eléctrica no concello de Carballedo. Expediente IN407A 2025/10 ATE

Con data 26 de febreiro de 2026 o departamento territorial de Lugo ditou resolución, pola que se outorgan á empresa UFD Distribución Electricidad S.A. as autorizacións administrativas previas e de construción, e se recoñece, en concreto, a utilidade pública, da instalación eléctrica denominada “Adecuación LMTA PRS803 en tramo entre apoios núm. 88-27 e núm. 89-94”.

Esta declaración de utilidade pública, segundo o disposto no artigo 54 da Lei 24/2013 do 26 de decembro do sector eléctrico, implica a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e a súa urxente ocupación ós efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954.

De acordo co anterior, este departamento territorial, en cumprimento do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, resolve convocar a tódalas persoas afectadas coas que non se chegou a un acordo, incluídas na relación de bens e dereitos que se insire como Anexo a este acordo e que se expón tamén no taboleiro de anuncios do concello de Carballedo deducida da que se someteu a información pública no diario El Progreso do 8 de decembro de 2025 e no Diario Oficial de Galicia do 11 de decembro de 2025, para que comparezan o día **15 de xullo do 2026 no concello de Carballedo** sinalado como punto de reunión para, de conformidade co procedemento que se establece no citado artigo, levar a cabo o levantamento das actas previas á ocupación.

Desta convocatoria darase traslado ós interesados mediante a oportuna citación individual, na cal se sinalará día e hora para o levantamento das actas previas. Así mesmo, no taboleiro de anuncios do concello de Carballedo estará exposta a data do levantamento das actas. Todos os interesados, así como as persoas que sexan titulares de calquera clase de dereitos ou intereses sobre os bens afectados, deberán acudir persoalmente ou representados por unha persoa debidamente autorizada, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade, podéndose acompañar dos seus peritos e dun notario pola súa conta (art. 52.3 da Lei de expropiación forzosa).

Así mesmo, advírteselles a todos os interesados que poderán formular alegacións por escrito neste departamento territorial (Rolda da Muralla 70, Lugo) ata o momento do levantamento das actas previas, para os únicos efectos de corrixir os posibles erros cometidos na relación de bens e dereitos afectados (artigo 56.2 do regulamento da Lei de expropiación forzosa).

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, de 2 de outubro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar (sen prexuízo da correspondente publicación no BOE) e así dirixirille ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 4 de maio de 2026.- O director territorial, Gustavo J. Casasola de Cabo.

ANEXO

Finca	Polig	Par	Paraxe	Cultivo	Titular	Data Actas	Hora
4	51	1005	Penedos	Monte Baixo	Maria del Carmen Bouzan Moure	15/07/2026	10:30
6	51	1006	Penedos	Monte Baixo	Descoñecido		11:15
10	51	1045	Lousedo	Monte Baixo	Jose Luis Rey Pérez (Fisal)		11:15
13	51	1050	Lousedo	Monte Baixo	Descoñecido		11:15
20	51	1070	Lousedo	Monte Baixo	Descoñecido		11:15
21	51	1065	Rigueira	Monte Baixo	Descoñecido		11:15

24	51	993	Zarrapuza	Monte Baixo	Manuel García González		10:45
27	51	981	Rigueira	Monte Alto	Descoñecido		11:15
30	51	969	Zarra Bidos	Monte Baixo	Descoñecido		11:15
38	51	862	Peneda	Labradio	Francisco Rodriguez (Fiscal)		11:15
51	51	887	Caño	Monte Baixo	Descoñecido		11:15
52	51	886	Caño	Monte Baixo	Descoñecido		11:15
55	51	879	Fonte	labradio	Maria Gonzalez Cortiñas		11:00
60	51	816	Zarreta	Labradio	Descoñecido		11:15
64	34	126	Prado de San Pedro	Monte Baixo	Hrdos de Amallia Figueirasl (Fiscal)		11:15
67	34	32	Naveira Nova	Labradio	Josefa Sanmartin Bouza (Fiscal)		11:15

R. 1331

Anuncio

ACORDO do 4 de maio do 2026 do Departamento Territorial de Lugo, polo que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación eléctrica no concello de Baralla. Expediente IN407A 2025/19- ATE)

Con data 30 de xaneiro de 2026 o departamento territorial de Lugo ditou resolución, pola que se outorgan á empresa UFD Distribución Electricidad S.A. as autorizacións administrativas previas e de construción, e se recoñece, en concreto, a utilidade pública, da instalación eléctrica denominada “LMTA derivada depuradora de auga Baralla”

Esta declaración de utilidade pública, segundo o disposto no artigo 54 da Lei 24/2013 do 26 de decembro do sector eléctrico, implica a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e a súa urxente ocupación ós efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954.

De acordo co anterior, este departamento territorial, en cumprimento do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, resolve convocar a tódalas persoas afectadas coas que non se chegou a un acordo, incluídas na relación de bens e dereitos que se insire como Anexo a este acordo e que se expón tamén no taboleiro de anuncios do concello de Baralla deducida da que se someteu a información pública no diario La Voz de Galicia do 10 de outubro de 2025 e no Diario Oficial de Galicia do 16 de outubro de 2025, para que comparezan o día **24 de setembro do 2026 no concello de Baralla** sinalado como punto de reunión para, de conformidade co procedemento que se establece no citado artigo, levar a cabo o levantamento das actas previas á ocupación.

Desta convocatoria darase traslado ós interesados mediante a oportuna citación individual, na cal se sinalará día e hora para o levantamento das actas previas. Así mesmo, no taboleiro de anuncios do concello de Baralla estará exposta a data do levantamento das actas. Todos os interesados, así como as persoas que sexan titulares de calquera clase de dereitos ou intereses sobre os bens afectados, deberán acudir persoalmente ou representados por unha persoa debidamente autorizada, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade, podéndose acompañar dos seus peritos e dun notario pola súa conta (art. 52.3 da Lei de expropiación forzosa).

Así mesmo, advérteselles a todos os interesados que poderán formular alegacións por escrito neste departamento territorial (Rolda da Muralla 70, Lugo) ata o momento do levantamento das actas previas, para os únicos efectos de corrixir os posibles erros cometidos na relación de bens e dereitos afectados (artigo 56.2 do regulamento da Lei de expropiación forzosa).

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, de 2 de outubro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar (sen prexuízo da correspondente publicación no BOE) e así dirixirle ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 4 de maio de 2026.- O director territorial, Gustavo J. Casasola de Cabo.

ANEXO

Nº Predio	Políg.	Parc.	Paraxe	Cultivo	Propietario	Data Actas	Hora
2	59	32	Escairo	Monte alto	Mª Luz Núñez Fernández	24.09.2026	10:00
6	58	833	Rego	Monte alto	Jorge Fernández Fernández		10:00

R. 1332

CONCELLOS

BEGONTE

Anuncio

Aprobados por Decreto de Alcaldía os padróns mensuais e clases dirixidas de maio de 2026, correspondentes ás actividades socioculturais e deportivas do curso 2025/2026, por un importe total de 7.383,75€

Os padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao de inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados no caso de que non se produzan reclamacións contra os mesmos.

Dado que os recibos están domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Begonte, 20 de maio de 2026.- O alcalde, José Ulla Rocha.

R. 1333

BURELA

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE BURELA

Por acordo plenario de 21 de maio de 2026 foi aprobada inicialmente a Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Burela. O que se publica concedendo un trámite de audiencia aos interesados mediante a publicación dun anuncio de exposición pública do expediente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que durante o prazo de 20 días calquera interesado poida presentar suxestións ou alegacións. Finalizado o trámite de audiencia aos interesados e á vista das suxestións ou alegacións presentadas corresponderá ao Pleno a aprobación definitiva do expediente coas modificacións oportunas.

De conformidade co establecido no artigo 202 da Lei de emprego público de Galicia a aprobación inicial da modificación da RPT elevarase a definitiva se durante o prazo de información pública non se formularan reclamacións, suxestións ou alegacións.

Burela, 25 de maio de 2026.- A alcaldesa, dona María del Carmen López Moreno.

R. 1356

Anuncio

Por acordo plenario de data 18 de maio de 2026 aprobouse inicialmente modificación do cadro de persoal do Concello de Burela aprobado conxuntamente co Orzamento do exercicio 2026 coa finalidade de adaptar este á Relación de Postos de Traballo aprobada inicialmente.

O que se publica por prazo de 15 días hábiles, mediante anuncio inserido no BOP e taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello, durante o que os lexitimados poderán presentar reclamacións; que de non existir nin presentarse durante este trámite de información pública, implicará que a aprobación inicial quede automaticamente elevada a definitiva. No caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas e a súa aprobación definitiva. E unha vez aprobada definitivamente será obxecto de publicación no BOP, da que se derivará a súa entrada en vigor, e remitirase copia aos órganos competentes da Administración do Estado e da

Administración Autonómica. Non obstante, a súa entrada en vigor queda condicionada á perfección do acordo de aprobación definitiva da Relación de Postos de Traballo.

Burela, 25 de maio de 2026.- A alcaldesa-presidenta, María del Carmen López Moreno.

R. 1357

CASTROVERDE

Anuncio

Que por resolución de alcaldía de data 19 de maio de 2026, ditouse a seguinte resolución, aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar dependencia e libre concorrência correspondente ao mes de abril de 2026, por un importe de 8.124,46 euros 652,92 euros respectivamente. Os padróns quedarán expostos ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación no BOP, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes.

Dado que os recibos están domiciliados, enviaranse as respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas.

Contra as liquidacións comprendidas no padrón poderase formular recurso de reposición, anterior ao contencioso administrativo, perante a Alcaldía no prazo de un mes a partir do día seguinte ao da finalización da exposición pública do padrón.

Así mesmo, acordase a apertura do prazo de recadación en período voluntario que será segundo o seguinte detalle:

A) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar: dende o 30 de maio de 2026 ao 30 de xullo de 2026, ámbolos dous inclusive.

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario, sen que se efectuaran os pagamentos correspondentes, e unha vez rematado este, os recibos pendentes pasarán ó cobro pola vía executiva de constrinximento.

Así mesmo faise saber que dita publicación surtirá de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria

Castroverde, 19 de maio de 2026.- O alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 1334

O CORGO

Anuncio

Formulada e rendida a Conta Xeral do exercicio económico 2025, cos estados e contas a que se refire o artigo 209 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e as regras 44 á 48 da Orde Ministerial HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local; e informada favorablemente pola Comisión Especial de Contas en sesión de data 20 de maio de 2026, exponse ao público cos documentos que a xustifican na Secretaría desta Entidade, por espazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que os interesados lexítimos poidan examinala e formular por escrito as reclamacións, reparos e observacións que estimen pertinentes, durante o prazo de exposición, de conformidade co disposto nos artigos 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; regra 49.2 da Orde Ministerial HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local, e o art. 212.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

O Corgo, 21 de maio de 2026.- O alcalde, Felipe Labrada Reija.

R. 1335

GUITIRIZ

Anuncio

Acordo de Xunta de Goberno Local de data 20/05/2026.

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A COBERTURA DUN AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A DO CONCELLO DE GUITIRIZ AO ABEIRO DO "PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO DO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2026", EXPTE: 404/2026.

1ª.- OBXECTO DA CONVOCATORIA E RÉXIME DE PUBLICACIÓNS.

Constitúe o obxecto das presentes bases e convocatoria a regulación do proceso selectivo para a cobertura como funcionario/a interino/a por programa de carácter temporal, cunha duración de 9 meses, en aplicación dos artigos 10.1.c) e 10.1.d) do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP), dunha praza de auxiliar administrativo/a do Concello de Guitiriz, subgrupo equivalente C2, mediante o sistema de oposición libre, ao abeiro do Programa Reforzo do Emprego do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2026 (financiado pola Deputación Provincial de Lugo, publicadas as bases no BOP de Lugo nº 004 de data 7/01/2026) .

O sistema selectivo será o de oposición libre, garantindo os principios de igualdade, publicidade, mérito e capacidade.

A presente convocatoria será obxecto de publicación no BOP de Lugo, na sede electrónica do Concello de Guitiriz no taboleiro de anuncios (<https://guitiriz.sedelectronica.gal>), na páxina web (<https://concellodeguitiriz.com>) e no taboleiro de anuncios físico. O resto de actos do proceso selectivo que deban ser obxecto de publicidade serán publicados únicamente na sede electrónica municipal (taboleiro de anuncios), na páxina web e no taboleiro de anuncios (físico).

A maiores crearase unha bolsa de emprego a efectos de substitucións transitorias ou necesidades temporais para este programa de Reforzo do Emprego 2026 e durante a duración do mesmo con aqueles aspirantes que superen as probas.

2ª.- CARACTERÍSTICAS E COMETIDOS FUNCIONAIS.

Serán encomendadas á praza de auxiliar administrativo/a do Concello de Guitiriz, a atención ao público, e entre outras funcións propias da súa categoría profesional, as seguintes:

- a) Atender ao público de xeito presencial e/ou telefonicamente.
- b) Rexistrar documentos de entrada e saída na Entidade.
- c) Manexo de programas informáticos necesarios para a súa actividade.
- d) Introducción de datos e tratamento de bases de datos.
- e) Seguimento, control e arquivo dos expedientes da súa área.
- f) Cumprimentar impresos, efectuar, verificar e comprobar liquidacións; levar a cabo cálculos de complexidade baixa.
- g) Notificacións e comunicacións.
- h) Cómputo de prazos
- i) Redacción e publicación de anuncios e edictos en Boletíns Oficiais e Taboleiro de Anuncios.
- j) Tramitación de queixas, suxerencias e reclamacións.
- k) Informar e atender aos usuarios dos Servizos municipais da súa área.
- l) Realizar as tarefas complementarias que sexan precisas para o bo funcionamento da unidade.
- m) Colaboración no feito de obter e aportar datos e informes, propostas, expedientes e traballos varios propios da unidade administrativa.
- n) Calquera outro que, en relación cos anteriores e, encadrado nas funcións xerais dun/ha auxiliar administrativo/a lle sexan encomendados pola Alcaldía.

O salario a percibir corresponderase coas retribucións do persoal funcionario para 2026 (Real Decreto Ley 14/2025, de 2 de decembro, pola que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público (art. 2.1.)) establecendo un complemento de destino nivel 14 e complemento específico por importe de 298,94€.

A xornada de traballo será a legalmente establecida para unha xornada completa (100%) con horario de traballo correspondente ao do persoal administrativo do Concello de Guitiriz.

3ª.- REQUISITOS DOS/DAS ASPIRANTES.

Para tomar parte no proceso selectivo para a selección de auxiliar administrativo/a como funcionario/a interino/a por programa será necesario cumprir os requisitos seguintes:

- **Idade:** ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- **Nacionalidade:** ser de nacionalidade española ou de nacionalidade dalgún dos demais estados aos que se refire e nas condicións que establece o artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, do Estatuto básico do empregado público.
- **Capacidade:** non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións. As persoas con discapacidade deberán aportar

certificación do correspondente organismo e solicitar na instancia as adaptacións para a realización das probas do proceso selectivo, especificando tales adaptacións.

- **Habilitación:** non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas. Os/as aspirantes que non tiveran a nacionalidade española deberán acreditar, igualmente, non estar sometidos/as a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.
- **Titulación:** Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria (ESO), Graduado Escolar ou equivalente, ou en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de instancias. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá estarse en posesión da credencial que acredite a súa homologación.
- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das correspondentes funcións. A condición de discapacidade e as súa compatibilidade acreditarase pola correspondente certificación. Os aspirantes con minusvalía farán constar na súa instancia se precisan adaptar as probas.
- Non ter sido separado, mediante un expediente disciplinario, do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás entidades locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas. Idéntica situación será esixida aos nacionais dos demais estados membros da Unión Europea no seu caso.
- Non estar incurso en causas de incompatibilidade ou de incapacidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.
- **Os/as aspirantes deben estar en situación de desemprego ou de mellora de emprego.** De acordo co establecido no último parágrafo do artigo 11.1 das Bases do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2026:

“É imprescindible que as persoas a contratar a través deste programa produzan novas contratacións no concello, polo que a situación ou procedencia dos candidatos debe provir de situación de desemprego ou de mellora de emprego con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa, quedando excluídos os custos de persoal referidos a traballadores incluídos no cadro de persoal vixente do concello.”

Todos os requisitos entenderanse referidos á data de expiración do prazo sinalado para a presentación de instancias e manteráanse durante o proceso, así como, no seu caso; no momento do nomeamento.

4ª.- INSTANCIAS.

4.1.- Modelo de solicitude.

Quen desexe tomar parte no proceso para a selección de un administrativo/a deberá cumprimentar a solicitude de participación no modelo oficial de instancia (ANEXO I) que estará a disposición dos/das interesados/as nas dependencias administrativas (servizo de rexistro), na sede electrónica (taboleiro de anuncios) e na paxina web do Concello de Guitiriz (www.concellodeguitiriz.com).

Dita instancia dirixirse á Sra. Alcaldesa-Presidenta do Concello de Guitiriz, farase constar que reúne todos os requisitos esixidos na base terceira da convocatoria e acompañaranse obrigatoriamente os seguintes documentos:

- Fotocopia do D.N.I. en vigor do/a aspirante ou documento identificativo.
- Xustificante da titulación esixida (copia do título académico).
- No seu caso, certificación do correspondente organismo que acredite a discapacidade en base á cal solicita as adaptacións de tempo ou medios das probas do proceso. Cursada tal solicitude, o Tribunal actuará de conformidade co previsto na Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.
- **Tarxeta de demandante de emprego** ou documento expedido polo Servizo Galego de Colocación que acredite que o solicitante está en situación de desemprego ou na situación de mellora de emprego.
- No seu caso copia simple do documento acreditativo do Celga III ou equivalente, que acredite o nivel de galego esixido.

Non será necesaria a compulsa dos documentos que se presenten fotocopiados, bastando a declaración xurada do interesado sobre a autenticidade dos mesmos, así como dos datos que figuran na instancia, sen prexuízo de que, en calquera momento, o Tribunal ou os órganos competentes do Concello de Guitiriz poidan requirir aos/as aspirantes que acrediten a veracidade das circunstancias e documentos aportados.

Aqueles aspirantes que teñan algunha capacidade especial poderán incluír solicitude de adaptación dos lugares de celebración dos exames. Para este caso, deberán de aportar certificación oficial da capacidade especial que lles afecta, expedida polo órgano competente da Administración Estatal ou Autonómica.

4.2.- Prazo de presentación.

O prazo de presentación de instancias será de **10 días hábiles**, contados a partir do día seguinte a publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP).

4.3.- Medio de presentación.

As instancias serán presentadas a través da sede electrónica ou no Rexistro Xeral do Concello de Guitiriz (Rúa do Concello nº4, 27300 de Guitiriz) ou ben nos lugares e na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

4.4.- Rectificación de erros materiais, de feito ou aritméticos.

Os erros materiais ou de feito e os aritméticos que se puidesen advertir, poderanse rectificar en calquera momento, de oficio ou a petición do interesado.

4.5.- Consecuencias da presentación da instancia.

A presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo supón a aceptación e acatamento de todas e cada unha das bases desta convocatoria, así como o consentimento do solicitante para o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección, incluída a lista da bolsa de emprego e a exposición nos taboleiros de anuncios, sede electrónica e na páxina web do Concello de todo o relacionado co proceso selectivo.

Se en calquera momento do proceso selectivo chegase a coñecemento do Tribunal que algún aspirante non cumpre todos os requisitos esixidos na convocatoria deberá propor a súa exclusión á alcaldía, previa audiencia do interesado, indicando as inexactitudes ou falsidades formuladas na solicitude de participación.

A autoridade convocante, por si ou a proposta do Tribunal deberá dar conta aos órganos competentes das inexactitudes ou falsidades en que puidesen incorrer os/as aspirantes, para os efectos procedentes.

5ª.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

5.1.- Lista provisional de admitidos/as e excluídos/as.

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Sra. Alcadesa ditará resolución declarando aprobada a lista provisional de admitidos, así como a de excluídos xuntamente coas causas que motivaron a exclusión. Dita resolución publicarase no taboleiro de anuncios (físico), na páxina web e na sede electrónica municipal (taboleiro de anuncios).

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se recoñeza os/as interesados/as a posesión dos requisitos esixidos na base terceira.

5.2.- Reclamacións á lista provisional.

Perante o prazo de **3 días hábiles**, de conformidade co previsto no art. 68.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, poderáanse corrixir os defectos a que se alude no referido artigo, e formular reclamacións á lista provisional.

De non presentar a solicitude de rectificación ou reclamación no indicado prazo, o/a aspirante excluído/a decaerá no seu dereito, sendo excluído definitivamente.

5.3.- Lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as.

Se non se presentasen reclamacións á lista provisional considerarase definitiva.

No suposto de existir reclamacións, estas serán aceptadas ou rexeitadas na mesma resolución da Sra. Alcadesa pola que se aprobe a lista definitiva dos admitidos/as e excluídos/as, se sinala a composición do tribunal cualificador e a data, hora e lugar de realización das probas da fase de oposición.

Dita resolución publicarase na sede electrónica, no taboleiro de anuncios e na páxina web.

6ª.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

6.1.- Composición do Tribunal.

O tribunal adecuarase na súa composición aos criterios de imparcialidade, profesionalidade e paridade, así como aos restantes requisitos de funcionamento previstos, ao efecto, pola normativa de aplicación (artigos 60 do Texto Refundido da Lei do estatuto básico do empregado público e 59 da Lei do Emprego público de Galicia ou, no seu caso, aquelas outras disposicións normativas aplicables).

Estará conformado polo integrantes sinalados a continuación, cuxa designación nominativa concreta se realizará, polo órgano convocante, trala resolución de aprobación da listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as.

O Tribunal Cualificador, estará constituído da seguinte forma:

- Presidente/a: o/a empregado/a público que se nomee do mesmo grupo de titulación ou superior.
- Secretaria/o: o/a secretario/a da Corporación ou funcionario/a da Corporación en quen delegue.

- Vogais: tres vogais designados/as pola Alcaldía entre empregados públicos do mesmo grupo de titulación ou superior.

Os membros do tribunal deberán posuír titulación ou especialización iguais ou superiores aos esixidos para o acceso ao posto convocado.

A Resolución que conteña a composición do Tribunal e a data, hora e lugar en que se procederá á realización da fase de oposición publicarase na sede electrónica, no taboleiro de anuncios e na páxina web.

6.2.- Abstención e recusación do Tribunal.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles algunhas das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público ou aquelas outras previsións normativas concordantes vixentes ao respecto.

Así mesmo, os/as interesados/as poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 da citada norma.

6.3.- Constitución e actuacións do Tribunal.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, cando menos, de tres dos seus membros titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o presidente e o secretario en tódalas reunións que celebre o tribunal e o secretario/a redactará a correspondente acta.

6.4.- Acordos do Tribunal.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes todas as dúbidas e propostas que xurdan para a aplicación ou interpretación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante o proceso selectivo, así como adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde da oposición en todo o que non estea previsto nas bases.

Os acordos serán impugnables nos supostos e forma establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

6.5.- Aseores do Tribunal.

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación, nos supostos en que así o estime oportuno de asesores aos seus traballos de asesores especialistas cando as circunstancias así o aconsellen, que actuará con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas ou profesión en fase ás cales foron requiridas para o dito asesoramento.

6.6.- Dereitos económicos do Tribunal.

Os membros do Tribunal terán dereito a asistencias pola súa participación nas sesións do Tribunal de acordo co disposto no artigos 1.1d) e 27.1b), 29 e 30.1 e Anexo IV do RD 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, e normativa concordante ou substitutiva.

O Tribunal terá a categoría terceira e prevense un número máximo de 5 sesións (25 asistencias) neste procedemento selectivo.

7ª.- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN.

O procedemento de selección será o de oposición libre, e consistirá na fase de oposición, da realización de **dúas probas eliminatorias**: unha **primeira** que contará **con dúas partes**, unha de contido teórico e outra de contido práctico según o temario relacionado no Anexo II; e unha **segunda** de coñecemento de galego.

FASE DE OPOSICIÓN

7.1. Primeira proba: parte teórica e parte práctica

7.1.1. Parte teórica da primeira proba.

Consistirá en contestar por escrito un cuestionario tipo test de 20 preguntas (máis 2 preguntas de reserva) con 3 respostas alternativas das que só unha será correcta, sobre a **totalidade dos temas relacionados do Anexo II (grupo 1 e 2)** das bases. Dita proba deberá realizarse nun tempo máximo de 1 hora.

O exame cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superar a proba. As respostas incorrectas e non contestadas non penalizarán.

Os aspirantes que non superen esta parte teórica da primeira proba xa non se lles correxirá a proba práctica que se indica a continuación.

7.1.2. Parte práctica da primeira proba.

Consistirá na realización dun ou varios supostos prácticos a desenvolver ou con preguntas tipo test, relacionado coas funcións propias do posto, a proposta do tribunal sobre os temas relacionados no **Grupo 2 (temas específicos)** do Anexo II das bases. Dita proba deberá realizarse nun tempo máximo de 1 hora.

A proba cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superala.

7.2. Segunda proba: Proba de coñecemento de galego (sen puntuación, apto ou non apto)

Este exercicio será obrigatorio e eliminatorio para aqueles aspirantes que non acrediten antes da súa realización o nivel de Celga 3 ou título equivalente debidamente homologado de acordo coa Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG nº 146 do 30 de xullo), modificado pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG nº 34 do 19 de febreiro). Os/As aspirantes que si o acrediten non estarán obrigados a efectuar a proba.

A proba consistirá na tradución dun texto de contido administrativo de castelán ao galego nun tempo máximo de 30 minutos, a proposta do Tribunal.

Este exercicio será cualificado como apto ou non apto, sendo eliminados aqueles/as aspirantes que non sexan declarados aptos.

Os/as aspirantes deberán presentarse para realizaren os exercicios provistos do D.N.I., ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal, e tamén dos medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica daquela.

Non se permitirá a utilización do móbil, reloxos intelixentes, axendas electrónicas ou calquera outro instrumento do que se poida valer o/a aspirante para auxiliarse na realización do exame.

Rematadas as probas da fase de oposición o tribunal publicará na sede electrónica, taboleiro de anuncios e páxina web do Concello de Guitiriz a relación de candidatos por orde de puntuación obtida, coa indicación da puntuación parcial (parte teórica / parte práctica e proba de galego se procede) e total acadada por cada aspirante no proceso selectivo.

Os aspirantes disporán dun prazo de **2 días hábiles** a partir do seguinte o da publicación na sede electrónica para efectuar as alegacións pertinentes.

Rematado o prazo e tras resolver as alegacións efectuadas, no seu caso, o Tribunal elevará a proposta, ademais da acta da derradeira sesión, á Sra. Alcadesa para que proceda á resolución do expediente.

En caso de empate na puntuación total, terá prioridade a persoa candidata que obtivese maior puntuación na proba da parte práctica. Se aínda persiste o empate decidírase por sorteo público.

8ª. - Bolsa de emprego.

Mediante Resolución da Alcaldía determinarase a listaxe definitiva de aprobados/as e orde definitiva dos/as integrantes da Bolsa de Emprego para o programa de Reforzo do Emprego 2026, por orde de puntuación total obtida no proceso selectivo polos distintos aspirantes, e será publicada co mesmo criterio que se establece nas bases.

A bolsa de emprego terá vixencia durante a duración do programa temporal de Reforzo do Emprego 2026.

FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO (según instrucións de chamamento publicadas no BOP de Lugo de 16/05/2024):

- Chamamentos:

Os chamamentos para un posto de traballo realizaranse seguindo a orde da bolsa de emprego de forma telefónica ao número de teléfono indicado na instancia presentada para participar no proceso selectivo

O persoal responsable deberá acreditar no expediente que se intentou contactar cos candidatos correspondentes da bolsa de emprego cun mínimo de dous intentos por teléfono en horas distintas, informando por escrito dos que renunciaron, dos que non contestaron ao chamamento, e do/a candidato/a que acepta o posto de traballo.

Cada vez que vaia a contratarse a unha persoa para un posto de traballo comezase a chamar aos candidatos/as polo seguinte ao contratado no último chamamento. Os traballadores poderán traballar un máximo de 9 meses ata a nova renovación das bolsas de emprego. Chamarase ao seguinte candidato no caso de que o aspirante teña cumprido ese período.

- Renuncias:

Se algún/algunha candidato/a non contesta entenderase que renuncia ao posto e seguirase chamando aos seguintes do listado co fin de axilizar e non paralizar o proceso de contratación.

A renuncia ao posto pode realizarse de forma oral, por escrito no rexistro xeral, Fax, enderezo electrónico, ou calquera outro medio no que quede constancia no Concello, non sendo necesario acreditar a causa pola que renuncia ao posto. Dúas renuncias expresas aos chamamentos implicarán a expulsión da bolsa. No caso de que non se conteste aos chamamentos, para ser expulsado das bolsas teranse en conta 5 chamamentos non contestados.

No suposto de non contestar ao chamamento (telefónico ou por enderezo electrónico) no mesmo día, entenderase a todos os efectos que renuncia ao posto, manténdose na mesma posición da lista, salvo que proceda á súa expulsión da bolsa.

Aqueles aspirantes que tendo un contrato de traballo en vigor co Concello de Guitiriz, renuncien ao contrato pasarán ao último posto da bolsa, agás que este cese responda á aceptación doutra oferta de traballo no propio Concello

Os aspirantes, poderanse poñer na situación de “non dispoñible”, e así non serán chamados durante o tempo que estén en esa situación. Tanto a situación de “non dispoñible” como o cambio activo deberá solicitarse polo intercedido. As causas xustificadas para poder activarse nesa situación serán as seguintes:

- Parto, permiso por nacemento, adopción ou acollemento, permiso de paternidade, risco durante o período de lactación natural e situacións asimiladas.
- Incapacidade temporal transitoria por continxencias comúns ou profesionais, acreditando co correspondente parte de baixa médica.
- Estar en situación de servizo activo noutra Administración Pública.
- Estar nalgunha das situacións de servizos especiais incluídas no ámbito de aplicación da Lei 2/2015, de 29 de abril do emprego público de Galicia.
- Ter un contrato de traballo nunha empresa privada ou exercer de autónomo.
- Coidado dun familiar ata segundo grado, cando se este, por razóns de idade, accidente ou enfermidade non puidera valerse por si mesmo e non desenvolva unha actividade retribuída.

9ª.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS, NOMEAMENTO E TOMA DE POSESIÓN.

O/a aspirante proposto/a achegará o Concello de Guitiriz, dentro do prazo de **3 días hábiles** dende a publicación da lista definitiva de aprobados, os seguintes documentos:

- Declaración formal, baixo xuramento ou promesa, de non haber sido separado mediante expediente disciplinario, do servizo ás Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- Declaración formal, baixo xuramento ou promesa de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente.
- Acreditación do número de afiliación á Seguridade Social (cartilla da SS ou documento equivalente).
- Número de conta bancaria con 20 díxitos para pago da nómina.

O/a aspirante cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33% deberá acreditar tal condición mediante certificación dos órganos competentes, así como a compatibilidade co desempeño das tarefas do posto.

As persoas que, dentro do prazo sinalado, agás nos casos de forza maior, non presentasen a documentación ou desta se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser nomeadas, polo que quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incurrir por falsidade nas súas solicitudes de participación.

Cumprimentado o anterior procederá a toma de posesión como funcionario/a interino/a por programa temporal durante 9 meses, ao abeiro do Programa Reforzo do Emprego 2026 do Plan Deputación de Cooperación cos concellos.

10ª.- INCIDENCIAS E LEXISLACIÓN APLICABLE

O tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presentaran e tomar os acordos necesarios para a boa orde e adecuado desenvolvemento do proceso selectivo, en todo canto non estea previsto nas bases, con pleno sometemento e adecuación as previsións normativas, aplicables ao respecto.

A contratación laboral rexeráse polo disposto:

- Bases do Plan Deputación de cooperación cos concellos 2026 (BOP 004 de data 07/01/2026).
- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública (naquelas disposicións aínda vixentes e que sexan básicas)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto legislativo 781/1986, de 13 de xuño (naquelas disposicións básicas)
- Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.
- Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por RDL 5/2015, de 30 de outubro.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, pola que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración local.

- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.
- Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.
- Convenio Colectivo para a regulación das condicións laborais e de emprego do persoal laboral do Concello de Guitiriz (DOG 10/08/2005).

11ª.- NORMA FINAL E RECURSOS.

As presentes bases, así como cantos actos administrativos se deriven delas e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

- Recurso de reposición potestativo no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do acordo do órgano competente aprobando as bases e a convocatoria.
- Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso – Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo da Resolución de Alcaldía aprobando as bases e a convocatoria, ou si se interpón recurso de reposición no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da notificación da resolución do recurso.

ANEXO I.- MODELO DE INSTANCIA

SOLICITUDE DE PARTICIPACION NO PROCESO SELECTIVO DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A POR PROGRAMA AO ABEIRO DO PROGRAMA “REFORZO DO EMPREGO DO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2026” DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN LIBRE.

D/Dona, con D.N.I. núm.
 e domicilio no municipio de, na rúa, n.º, piso,
 C.P., teléfono e enderezo electrónico
 nº de afiliación á Seguridade Social

Informado/a da convocatoria para a selección dun auxiliar administrativo/a do Concello de Guitiriz por programa ao abeiro do programa “Reforzo do Emprego do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2026” da Deputación Provincial de Lugo , mediante o sistema de oposición libre, de acordo ás bases publicadas no B.O.P. n.º de data que declara coñecer e aceptar.

Declaro responsablemente que posúe todos os requisitos esixidos na cláusula 3.ª das bases, comprometéndose a achegar os documentos acreditativos destes no suposto de ser seleccionado e SOLICITA:

1.- Ser admitido ao proceso de selección convocado, para o que achega:

- Fotocopia do D.N.I. en vigor.
- Xustificante da titulación esixida (copia do título académico).
- No seu caso, certificación do correspondente organismo que acredite a discapacidade en base á cal solicita as seguintes adaptacións de tempo ou medios:
- **Tarxeta de demandante de emprego** ou documento expedido polo Servizo Galego de Colocación que acredite que o solicitante está en situación de desemprego ou na situación de mellora de emprego.
- No seu caso, CELGA III, ou equivalente.

2.- Realizar as probas en:

- Castelán
- Galego.

Así mesmo,

- SÍ AUTORIZA
- NON AUTORIZA

a que lle sexan comunicadas as actuacións do expediente a través do enderezo electrónico arriba indicado.

INFORMACIÓN PROTECCIÓN DE DATOS

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE GUITIRIZ, coa dirección RUA DO CONCELLO Nº 4, 27300 Guitiriz (Lugo); correo electrónico do Delegado de Protección de Datos: info@concellodeguitiriz.com

1. FINALIDADE DO TRATAMENTO: Os datos serán utilizados para xestionar e desenvolver o proceso selectivo ao que vostede se presenta segundo as Bases do mesmo, así como a xestión administrativa derivada do mesmo.
2. PRAZO DE CONSERVACIÓN: Os datos facilitados conservaranse mentres non se solicite a supresión dos mesmos e durante o tempo necesario para dar cumprimento as obrigacións administrativas.
3. LEXITIMACIÓN: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo cumprimento legal e polo consentimento que nos outorga coa firma e presentación da instancia.
4. DESTINATARIOS DE CESIONS: CONCELLO DE GUITIRIZ non se cederán datos a terceiros, salvo por obriga legal.
5. DEREITOS: vostede pode exercer os seus dereitos de protección de datos en calquera momento, para elo, pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar ao CONCELLO DE GUITIRIZ o formulario de exercicio de dereitos.
6. INFORMACION ADICIONAL:
 - Pode solicitar por correo electrónico a información adicional e detallada sobre Protección de Datos ou consúltala en <https://concellodeguitiriz.com/politica-proteccion-datos/>

Os seus datos persoais e/ou calificacións poderán ser expostos para dar publicidade ao proceso selectivo no taboleiro de anuncios e/ou na Sede Electrónica segundo a normativa vixente e atendendo ao principio de minimización de datos.

En, a de de 202....

Asdo.

Á SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE GUITIRIZ

ANEXO II.- TEMARIO**GRUPO 1) TEMAS XERAIS**

TEMA 1.- A Constitución Española de 1978. Principios xerais e estrutura. Título Preliminar. Dereitos e deberes fundamentais. Reforma constitucional.

TEMA 2.- O Estatuto de Autonomía de Galicia. As institucións da Comunidade Autónoma: O Parlamento. O Consello da Xunta. O Presidente.

TEMA 3.- O municipio. Elementos. Territorio e poboación. Especial referencia ao municipio de Guitiriz.

TEMA 4.- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. A organización municipal. Funcionamento dos órganos colexiados locais. Réxime de sesión e acordos. Actas, certificacións, notificacións e publicacións dos acordos. Competencia dos órganos municipais.

TEMA 5.- Dereitos e deberes da veciñanza no ámbito local: información e participación cidadá.

TEMA 6.- A potestade regulamentaria das entidades locais: ordenanzas, regulamentos e bandos.

TEMA 7.- Competencias propias, compartidas e delegadas. Os servizos mínimos.

TEMA 8.- Os bens das Entidades Locais. Dominio público e bens patrimoniais. Inventario de bens. Utilización de bens de dominio público: réxime xeral das autorizacións e concesións demaniais.

TEMA 9.- Subvencións. Lei 38/2003 e Lei 9/2007. Concesións, órganos competentes, beneficiarios e procedementos de concesión.

TEMA 10.- O persoal ao servizo das Administracións Públicas: dereitos e deberes. Código de conduta. Xornada de traballo, permisos, licenzas e vacacións. Incompatibilidades dos empregados públicos. Clases de persoal. Situacións administrativas. Réxime disciplinario.

GRUPO 2) TEMAS ESPECÍFICOS

TEMA 11.- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Dos actos administrativos. Concepto e clases. Elementos. Requisitos dos actos administrativos. Eficacia dos actos. A notificación. Nulidade e anulabilidade.

TEMA 12.- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. O procedemento administrativo; Iniciación, ordenación, instrución e terminación. Finalización do procedemento: a obriga de resolver. O silencio administrativo. Os recursos administrativos.

TEMA 13.- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público. Disposicións xerais, principios de actuación e funcionamento do sector público. Disposicións xerais. Órganos das administracións públicas. Competencias. Órganos colexiados: funcionamento e réxime. Abstención e recusación.

TEMA 14.- Funcionamento electrónico do sector público (Cap. V da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público). Dereitos e deberes da cidadanía en relación coa administración dixital. Notificacións.

TEMA 15.- O rexistro de documentos: concepto. O rexistro de entrada e saída: o seu funcionamento nas corporacións locais. Presentación de instancias e outros documentos nas oficinas públicas.

TEMA 16.- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das Facendas Locais. Enumeración dos recursos das Facendas Locais. A imposición e ordenación dos tributos locais. As taxas locais: feito impositivo, supostos de non suxeición e exención. Os prezos públicos: concepto.

TEMA 17.- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das Facendas Locais. Os impostos locais: natureza, feito impositivo e suxeitos pasivos. Beneficios fiscais nos impostos locais: exencións e bonificacións.

TEMA 18.- O orzamento xeral das Entidades Locais. Elaboración e aprobación. Referencia ás Bases de execución do orzamento. Liquidación do orzamento. A conta xeral. Tramitación.

TEMA 19.- Lei 9/2017, de contratos do sector público. O obxecto é ámbito de aplicación. Tipos de contratos do sector público. O procedemento aberto.

TEMA 20.- Lei 9/2017, de contratos do sector público. Preparación dos contratos das Administracións Públicas: expediente de contratación, prego de cláusulas administrativas e prescricións técnicas. Adxudicación dos contratos das Administracións Públicas.

TEMA 21.- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: obxecto e ámbito da lei. O principio de igualdade e a tutela contra a discriminación. Políticas públicas para a igualdade. Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia. As condicións de emprego en igualdade na administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e no sector público autonómico.

TEMA 22.- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno: Transparencia da actividade pública. Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e

garantía dos dereitos dixitais: Disposicións xerais. Principios da protección de datos. Dereitos das persoas. Responsable e encargado do tratamento de datos.

Guitiriz, 21 de maio de 2026.- A alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira

R. 1336

LÁNCARA

Anuncio

Por resolución de alcaldía de 21 de maio de 2026 aprobáronse as bases para a elaboración dunha listaxe de emprego temporal para prestar servizos como persoal laboral temporal de AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL no Concello de Láncara.

A convocatoria e as bases aprobadas están publicadas na sede electrónica do Concello de Láncara na seguinte dirección <https://lancara.sedelectronica.gal>.

O prazo de presentación de solicitudes será de dez días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación deste anuncio de convocatoria.

Láncara, 21 de maio de 2026.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 1337

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

En cumprimento do artigo 90 Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o artigo 3 do Real decreto 243/1995, do 17 de febreiro, polo que se ditan normas para a xestión do imposto sobre actividades económicas e se regula a delegación de competencias en materia de xestión censal do devandito imposto, as matrículas do imposto sobre actividades económicas do exercicio 2026 pónense a disposición do público no Concello de Monforte de Lemos, dende o día 01 de xuño ao de 15 de xuño de 2026.

Contra os actos administrativos de inclusión, exclusión ou alteración de datos censais cabe interpoñer no prazo dun mes a contar dende o inmediato seguinte ao da finalización do período de exposición da matrícula, recurso de reposición ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria ou reclamación económico administrativo ante o Tribunal Económico Administrativo Rexional.

Monforte de Lemos, 21 de maio de 2026.- O alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023, a primeira tenente de alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 1338

PARADELA

Anuncio

CONVOCATORIA ELECCIÓN XUÍZ DE PAZ TITULAR DO CONCELLO DE PARADELA (LUGO).

OBXECTO.- A presente convocatoria ten por finalidade a elección de Xuíz de Paz titular do Concello de Paradelas, polo Pleno do Concello, entre as persoas que reunindo os requisitos legais o soliciten.

PRAZO.- Fíxase un prazo de presentación de solicitudes, de 15 días hábiles, contados dende o seguinte ao da publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

CONDICIÓNS LEGAIS.- Poderá ser nomeado Xuíz de Paz titular quen, aínda non sendo licenciado en dereito, reúna os requisitos establecidos na Lei Orgánica do poder Xudicial para o ingreso na carreira xudicial, agás os derivados da xubilación por idade, sempre que ésta non supoña impedimento físico ou psíquico para o cargo.

Durante o seu mandato os Xuíces de Paz estarán suxeitos ao réxime de incompatibilidades e prohibicións reguladas nos artigos 389 a 397 da Lei Orgánica do poder Xudicial no que lles sexa aplicable. En todo caso terán compatibilidade para o exercicio das seguintes actividades:

- A dedicación á docencia ou á investigación xurídica.
- O exercicio de actividades profesionais ou mercantís que non impliquen asesoramento xurídico de ningún tipo e que, pola súa natureza, non sexan susceptibles de impedir ou menoscabar a súa imparcialidade ou independencia nin poidan interferir no estricto cumprimento dos deberes xudiciais.

Os candidatos deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser español e maior de idade.
- b) Non estar incurso nalgunhas das causas de incapacidade que establece a Lei.

DURACIÓN.- O Xuíz de Paz titular será nomeado por un período de catro anos.

DOCUMENTACIÓN.- Os candidatos que desexen participar deberán presentar unha solicitude no rexistro municipal, subscrita polo interesado, a que anexará os documentos seguintes:

- a) Certificación de nacemento ou fotocopia auténtica do DNI.
- b) Certificación expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes e declaración complementaria a que fai referencia o artigo 2 da Lei 68/1980.
- c) Xustificación dos méritos que alegue o solicitante.
- d) Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha das causas de incompatibilidade nin prohibición regulada nos artigos 389 a 397 da Lei Orgánica 6/1985 e 23 do Regulamento 3/1995.

Paradela, 26 de maio de 2026.- A alcaldesa, M.^a Montserrat Mulet Sar.

R. 1344

RÁBADE

Anuncio

Por resolución da Alcaldesa do Concello de Rábade de data 7 de maio **de 2026** prestouse aprobación ao Padrón da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes **de abril de 2026**, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Rábade, 7 de maio de 2026.- A alcaldesa, María Remedios González Cabarcos.

R. 1339

Anuncio

Padrón Tributario da Taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, canon da auga e recollida de lixo do 2º bimestre do 2026.

Por Decreto da Alcaldía de data 12 de maio de 2026, aprobouse o Padrón Tributario da Taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, canon da auga e lixo, correspondente ó 2º bimestre do 2026, cuxo importe total ascende á cantidade de 119.238,89 (cento dezanove mil douscentos trinta e oito con oitenta e nove) euros, así como a apertura dun período de información pública polo prazo dun mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario desde o día 24 de abril do 2026 ata o 23 de xuño de 2026.

Contra o acto de aprobación do padrón da taxa prestación do servizo de augas, sumidoiro e lixo e das liquidacións incorporadas a este, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante a sección do contencioso-administrativo do Tribunal de Instancia de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente.

Transcorrido o período de pago en período voluntario as débedas serán esixidas polo procedemento de constrinximento a través do servizo provincial de recadación co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) da Xunta de Galicia, no prazo dun mes desde o día seguinte ao remate de exposición pública do padrón.

A falta de pagamento en período voluntario do canon de auga suporá a esixencia directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Rábade, 12 de maio de 2026.- A alcaldesa, María Remedios González Cabarcos.

R. 1340

RIBAS DE SIL

Anuncio

Aprobados por Decretos da Alcaldía de data 7/05/2026 os padróns do prezo público polo servizo de madrugadores do mes de abril, e o padrón de SAF do mes de abril; por medio do presente expóñense ao público por prazo de 20 días, contados a partir do día seguinte ó da súa inserción no BOP ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Contra o acordo de aprobación do devandito padrón poderá interpoñerse recurso de reposición ante o propio alcalde polo prazo de un mes, contado dende o día inmediato seguinte ó de finalización do período de exposición ó público. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei reguladora da referida xurisdición.

O mesmo tempo establece un período de cobranza en fase de ingreso voluntario de dous meses. Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria; procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, a través do Servizo de Recadación da Deputación de Lugo de acordo co establecido no artigo 161 da devandita Lei.

A presente publicación, no suposto de exposición ó público do padrón e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Ribas de Sil, 22 de maio de 2026.- O alcalde, Roberto Castro González.

R. 1341

RIOTORTO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local deste Concello en sesión extraordinaria celebrada o día 19 de maio de 2026, prestou aprobación o Padrón da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos, tratamento e eliminación destes correspondente ao primeiro semestre de 2026, no medio rural.

Así mesmo, acordouse expoñer o público o citado Padrón polo prazo de quince días hábiles a contar dende o seguinte o da inserción deste edicto no B.O.P., no taboleiro de anuncios deste Concello e nos lugares de costume, o obxecto de exame e reclamacións. De non se producir reclamacións durante a exposición pública, a aprobación inicial entenderase elevada a definitiva.

O período de cobramento en vía voluntaria será dende o 15 de xuño ó 15 de xullo de 2026 nas oficinas municipais de 10 a 14 horas para aqueles que non domiciliaran os recibos.

Transcorrido o prazo sinalado, todos os contribuíntes que non satisfixesen os seus débitos quedarán incurso na recarga e costas de procedemento establecidos no Regulamento Xeral de Recadación.

Riotorto, 21 de maio de 2026.- O alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 1342
